



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA VECIÑAL NÚM.
13/2022, DO DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2022**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembridge, sendo as 14 horas e 5 minutos do martes día 27 de decembro de 2022, previa convocatoria de sesión extraordinaria e urxente realizada pola Alcaldesa Pedánea mediante Resolución de 26 de decembro deste ano, reúnese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia da mesma, D^a. Patricia Otero Carrera, asistindo os seguintes vocais:

D. José González Domínguez (PSdeG – PSOE)
D^a Antía González Fernández (PSdeG – PSOE)
D. Manuel Costas Costas (PSdeG – PSOE)

Asiste á sesión, en calidade de secretaria do pleno, D^a. Patricia Alvarellos Leis.

A sesión ten por obxecto o debate e votación dos seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

I. PARTE RESOLUTIVA:

- 1. Ratificación da urxencia da convocatoria.**
- 2. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, das facturas incluídas na relación de Xustificantes de Gasto núm. 2022 40 por un importe total conxunto de 5.758,57 €.**
- 3. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, da factura incluída da relación de Xustificantes de Gasto núm. 2022 41 polo importe de 3.630,00 €.**

Ábrese a sesión pola Sra. Alcaldesa Pedánea á hora arriba indicada.

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.

A Alcaldesa-Pedánea dá conta da seguinte proposta:

“Esta Alcaldía considera que concorren, entre outras, as seguintes circunstancias, que fan que sexa moi difícil aprazar por máis tempo a celebración desta sesión da Xunta Veciñal do seguinte asunto asunto:

- Necesidade de acometer con moita brevidade o pago de varias facturas que non resultou posible realizalos antes debido a concorrencia da situación de incompatibilidade do anterior Alcalde-Pedáneo, de conformidade co disposto no art. 6 b) da Lei Orgánica 5/1985 de Réxime Electoral Xeral (LOREX).

A estes efectos, lémbrese a necesidade de tramitar e pagar as facturas dentro do prazo legal establecido na vixente Lei de Contratos, xa que, entre outros motivos, a demora nos

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta Veciñal nº 13/2022, do 27.10.2022 Páxina 1 de 7



Entidade Local Menor de Bembrive

pagos supón a obriga de satisfacer xuros de mora consonte ao disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade.

En consecuencia, e polos motivos expresados, acordei convocar unha Sesión extraordinaria e urxente para o día 27 de decembro de 2022 ás 14.00 h. co orde do día seguinte:

- 1. Ratificación da urxencia da convocatoria.*
- 2. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, das facturas incluídas na relación de Xustificantes de Gasto núm. 2022 40 por un importe total conxunto de 5.758,57 €.*
- 3. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, da factura incluída da relación de Xustificantes de Gasto núm. 2022 41 polo importe de 3.630,00 €.*

Polo tanto, de conformidade co previsto no art 46. 2 b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, propoño á Xunta Veciñal a adopción do seguinte acordo: “Ratificar o carácter de urxente da convocatoria realizada.”

ACORDO. Por unanimidade dos presentes, a Xunta Veciñal acorda APROBAR nos seus propios termos a proposta de acordo transcrita, ratificando a urxencia.

2. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, das facturas incluídas na relación de Xustificantes de Gasto núm. 2022 40 por un importe total conxunto de 5.758,57 €.

Pola Alcaldesa-Pedánea dase conta do informe-proposta de Alcaldía do 26 de decembro de 2022, co seguinte contido literal:

“En relación ao expediente de pagamento de varias facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2022 40 por un importe conxunto de 5.758,57 €, emítase proposta en base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. – Vista a necesidade de pagamento das anteditas facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2022 40 por un importe total de 5.758,57 € correspondentes á bolsa de vinculación 9.2.

SEGUNDO. - Que o 17 de novembro de 2022 emitiuse informe por parte da secretaria-interventora interpoñendo reparo suspensivo por carecer de consignación orzamentaria na bolsa de vinculación xurídica correspondente no momento de realización dos gastos e por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta Veciñal nº 13/2022, do 27.10.2022 Páxina 2 de 7



Entidade Local Menor de Bembrive

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL-.
- RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP, no sucesivo).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC, en posteriores citas).

Por elo, visto o informe da secretaria-interventora de data 17 de novembro de 2022 que obra no expediente, dispoño que pase este para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. – Levantar o reparo suspensivo interposto pola Secretaria-Interventora no seu informe emitido con data 17 de novembro de 2022 ás facturas incluídas na relación de Xustificantes de gasto 2022 40 adxunta, polo total expresado de 5.758,57 euros (IVE incluído).

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....

O 17.11.2022 emitiuse informe da Secretaría Intervención, cuxas conclusións son estas:

“Como consecuencia do anteriormente exposto, procede fiscalizar desfavorablemente e formular reparo suspensivo, conforme ao disposto nos artigos 216.2 a) e c) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRFL), aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, pola falta de crédito e omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais que dan lugar a nulidade do acto administrativo, en virtude do artigo 39.1 da LCSP que remite ao art. 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPACAP) e art. 39.2 b) da LCSP por prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido (apartado 1, letra e).

Corresponde á Xunta Veciñal resolver a discrepancia de conformidade cos artigos 217.2 a) do TRLRFL e 15.2 a) do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.

Xa en informes anteriores indiquei que, posto que se tratan de servizos e subministros periódicos e de prestación continuada, as consideracións desfavorables expostas facíanse extensivas, en tanto se mantiveran as mesmas circunstancias, ás sucesivas facturas que se emitiran polas mesmas empresas e conceptos e foran propostas para a súa aprobación por conta do orzamento da ELM de Bembrive, polo que reitero que presentan circunstancias irregulares no eido da contratación administrativa e do procedemento administrativo de



Entidade Local Menor de Bembrive

recoñecemento das obrigacións e ordenación do pagamento no tocante aos subministros e servizos que prestan.

Lémbrese que, á vista do tenor literal do precepto 28 da LTAIPBG 19/2013, constitúen infraccións moi graves “Os compromisos de gastos, recoñecemento de obrigacións e ordenación de pagos sen crédito suficiente para realizalos ou con infracción do disposto na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou na de Orzamentos ou outra normativa orzamentaria que sexa aplicable e a omisión do trámite de intervención previa dos gastos, obrigacións ou pagos, cando esta resulte preceptiva ou do procedemento de resolución de discrepancias fronte aos reparos suspensivos da intervención, regulado na normativa orzamentaria”, que neste caso afectará ao órgano que determine a continuación do procedemento, sen agardar a que se leve a cabo o procedemento descrito nos artigos 12 e 15 do RD 424/2017.

Por último, lémbrese que anualmente darase conta destes informes contrarios aos reparos á Xunta Veciñal, con motivo da liquidación, e ao Tribunal de Contas e, no seu caso, ao órgano de control externo da Comunidade Autónoma, con motivo da aprobación da Conta Xeral, por mandato dos apartados 6 e 7 do art. 15 do RD 424/2017.”

.....

Non se producen intervencións.

Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos a favor (Sra. Otero Carrera - Alcaldesa-Pedánea - e dos vocais Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

3. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, da factura incluída da relación de Xustificantes de Gasto núm. 2022 41 polo importe de 3.630,00 €.

Pola Alcaldesa-Pedánea dase conta do informe-proposta de Alcaldía de data vinte e seis de decembro de dous mil vinte e dous, co seguinte contido literal:

“En relación ao expediente de pagamento dunha factura incluída na relación de xustificantes de gasto núm. 2022 41 por un importe de 3.630,00 € (IVE incluído), emítase proposta en base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. – *Vista a necesidade de pagamento da antedita factura incluída na relación de xustificantes de gasto núm. 2022 41 correspondente ao xustificante de gasto que a continuación se enumera por un importe total de 3.630,00 € emitido por “VILLODRES RAMIREZ, JOSE MANUEL” en concepto de “peche contable do ano 2018 e parte do ano 2019.”*



Entidade Local Menor de Bembrive

Núm. fra.	Data fra.	Data rexistro	Núm. Xust. Gto	Terceiro	Importe (€) *
A202210009	06.10.2022	06.10.2022	2022 66000287	25313169J	3.630,00
TOTAL					3.630,00

*IVE incluído

SEGUNDO. - Que o 17 de novembro de 2022 emitiuse informe por parte da secretaria-interventora interpoñendo reparo suspensivo por carecer de consignación orzamentaria na bolsa de vinculación xurídica correspondente e por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL-.
- RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP, no sucesivo).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC, en posteriores citas).

Por elo, visto o informe da secretaria-interventora de data 17 de novembro de 2022 que obra no expediente, dispoño que pase este para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. – **Levantar o reparo suspensivo** interposto pola Secretaria-Interventora no seu informe emitido con data 17 de novembro de 2022 á factura incluída na relación de Xustificantes de gasto 2022 41 adxunta, polo total expresado de 3.630,00 euros (IVE incluído).

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....

O 17.11.2022 emitiuse informe da Secretaría Intervención, cuxas conclusións son estas:

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, procede fiscalizar desfavorablemente e formular reparo suspensivo, conforme ao disposto nos artigos 216 a) e c) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRFL), aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, pola carencia de crédito e omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais que dan lugar a nulidade do acto administrativo, en virtude

Acta da sesión extraordinaria e urgente da Xunta Veciñal nº 13/2022, do 27.10.2022 Páxina 5 de 7



Entidade Local Menor de Bembrive

do artigo 39.1 da LCSP que remite ao art. 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPACAP) e art. 39.2 b) da LCSP por prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido (apartado 1, letra e) básicamente polo incumprimento de non incorporar informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato e por non terse incorporado a aprobación dos gastos que se indican ou a certificación de existencia de crédito expedida pola Secretaria-Interventora conforme ao disposto na Disposición Adicional 3ª. 4 da LCSP.

O citado reparo ten carácter suspensivo e corresponde á Xunta Veciñal resolver a discrepancia de conformidade cos artigos 217.2 a) do TRLRFL e 15.2 a) do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.

Esta facultade non será obxecto de delegación en ningún caso.

Dase conta do presente reparo ao órgano da Entidade Local correspondente (Xunta Veciñal) para que adopte as decisións que procedan en relación coa normativa exposta.

O Alcalde-Pedáneo poderá presentar á Xunta Veciñal un informe xustificativo da actuación realizada previamente reparada. Sen prexuízo disto, poderá elevar a súa resolución ao órgano de control competente por razón da materia, da Administración que teña atribuída a tutela financeira.

De non realizarse este (como se está a observar noutros expedientes), lémbrese que, á vista do tenor literal do precepto 28 da LTAIPBG 19/2013, constitúen infraccións moi graves “Os compromisos de gastos, recoñecemento de obrigacións e ordenación de pagos sen crédito suficiente para realizalos ou con infracción do disposto na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou na de Orzamentos ou outra normativa orzamentaria que sexa aplicable e a omisión do trámite de intervención previa dos gastos, obrigacións ou pagos, cando esta resulte preceptiva ou do procedemento de resolución de discrepancias fronte aos reparos suspensivos da intervención, regulado na normativa orzamentaria”, que neste caso afectará ao órgano que determine a continuación do procedemento, sen agardar a que se leve a cabo o procedemento descrito nos artigos 12 e 15 do RD 424/2017.

Por último, sinalar que anualmente darase conta destes informes contrarios aos reparos á Xunta Veciñal, con motivo da liquidación do Orzamento, e ao Tribunal de Contas e, no seu caso, ao órgano de control externo da Comunidade Autónoma, con motivo da aprobación da Conta Xeral, por mandato dos apartados 6 e 7 do art. 15 do RD 424/2017.

.....
Non se producen intervencións.

Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos a favor (Sra. Otero Carrera - Alcaldesa-Pedánea - e dos vocais Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

Non sendo outros os asuntos a tratar, a Alcaldesa-Pedánea levanta a sesión sendo as catorce horas e catorce minutos do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. da Alcaldesa Pedánea,

Asdo.: Patricia Otero Carrera



A secretaria-interventora,

Asdo.: Patricia Alvarellos Leis